

# Tarifa de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes

En vigor desde 01.08.2021

## EPÍGRAFE 67º.- SERVICIOS DE PAGAMENTO: TRANSFERENCIAS CO EXTERIOR (EXCLUÍDO EEE\*) E TRANSFERENCIAS EN MOEDA ESTRANXEIRA NO MERCADO INTERIOR

\*Ámbito de aplicación: a presente tarifa será de aplicación para todas as transferencias non reguladas polo Regulamento CE/924/2009 de 16 de setembro de 2009 e UE 260/2012 de 14 de marzo de 2012.

É dicir, transferencias en divisa distinta a euro, coroa sueca ou leu (RON) romanés, así como as emitidas/recibidas nalgunha destas tres divisas con orixe ou destino nun país non pertencente ao EEE. (Estados membros da Unión Europea máis Liechtenstein, Noruega e Islandia).

As tarifas recollidas nas seguintes táboas aplícanse a clientes persoas xurídicas.

CLASE DE OPERACIÓN	TIPO DE TRANSFERENCIA	Gastos e comisións por conta de	
		OUR	SHA
Transferencias liquidadas en conta. (Véxanse as notas 1 a 4)	Emitidas (Nota 5)	0,70 % Mínimo 35,00 €	0,60 % Mínimo 18,00 €
	Recibidas (Notas 6)		0,40 % Mínimo 21,00 €
Transferencias entre contas abertas no BBVA en España	Emitidas	0,40 % Mínimo 4 €	

As tarifas recollidas nas seguintes táboas aplícanse a clientes persoas físicas.

CLASE DE OPERACIÓN	TIPO DE TRANSFERENCIA	Gastos e comisións por conta de			
		OUR	SHA		
Transferencias liquidadas en conta.	Emitidas (Nota 5)	0,70 % Mínimo 35,00 €	Oficinas e Liña BBVA	0,60 % Mínimo 18,00 €	
			Web bbva.es, app, ATM	Emitidas Divisa	0,60 % Mínimo 6,00 € Máximo 100 €
				Emitidas Euro	0,60 % Mínimo 18,00 €
	Recibidas (Notas 6)		0,40 % Mínimo 21,00 €		

Transferencias entre contas abertas no BBVA en España	Emitidas	0,40 % Mínimo 4 €
---	----------	----------------------

### Conceptos complementarios para tarifas de transferencias aplicables tanto a persoas físicas como a persoas xurídicas

CONCEPTO	%	MÍNIMO Euros
Transferencias urxentes. (Véxase a nota 9)	0,15	2,50
As transferencias emitidas e recibidas con datos insuficientes ou incorrectos levarán unha comisión adicional de (véxase a nota 5 para as emitidas e a nota 6 para as recibidas)		15 €
Comisión por anulación, devolución ou modificación das transferencias a cargo do ordenante (Véxase a nota 12)		20 €
Comisión por solicitude de datos relativos á súa orixe (véxase a nota 7) ou aplicación (véxase a nota 8) a pedimento do cliente.		20 €
Percibiranse en concepto de gastos totais de transmisión (fax, swift, EBA) por operación (véxase e nota 14)		10 €
Por cada petición, e en concepto de gastos de emisión e envío de copia da mensaxe (swift) enviada pola entidade de orixe como soporte á execución da orde, percibiranse 3,00 euros adicionais.		
Por cumprimento de instrucións especiais, cando o pagador instrúe que se realicen accións especiais de aviso, contacto ou comunicacións especiais co beneficiario que impida o tratamento automático da operación (véxase a nota 11).		15 €

**NOTA 1** Serán considerados días hábiles para a entidade, para os efectos necesarios para a execución dunha operación de pagamento, os días de apertura comercial dos provedores de servizos de pagamento do ordenante ou do beneficiario que interveñen na execución da operación de pagamento. No caso de contas de pagamento contratadas telematicamente, seguirase o calendario correspondente á praza en que estea situada a sede social do provedor de servizos de pagamento co que se contratasen.

**NOTA 2** En caso de discrepancia ou de litixio entre o cliente e a entidade, por causa da tramitación dunha transferencia co exterior, o cliente deberase dirixir por escrito ao Servizo de Atención ao Cliente BBVA, Apartado de Correos 1.598FD, ou ao DEFENSOR DA CLIENTELA DO GRUPO BBVA, Apartado de Correos 14.460, 28080 MADRID

Nas queixas ou reclamacións presentadas por usuarios de servizos de pagamento en relación cos dereitos e obrigas que se derivan dos títulos II e III do Real decreto-lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento, o Servizo de Atención ao Cliente ou o Defensor do Cliente deberán dar contestación como moi tarde quince días hábiles despois da recepción da queixa ou reclamación. En situacións excepcionais, se non se pode ofrecer unha resposta no prazo de quince días hábiles por razóns alleas á vontade do Servizo de Atención ao Cliente ou do Defensor do Cliente, a instancia competente enviará unha resposta provisional, na que indique claramente os motivos do atraso da resposta á reclamación e que especifique o prazo no que o usuario dos servizos de pagamento recibirá a resposta definitiva. En calquera caso, o prazo para a recepción da resposta definitiva non excederá dun mes.

**NOTA 3** O cliente ordenante dunha transferencia ao exterior deberá especificar a cláusula de gastos coa que quere realizar o pagamento mediante a selección dunha das seguintes opcións:

- Opción OUR: A entidade transferirá integramente o importe da orde liquidando ao ordenante o importe da orde máis as comisións e gastos de todo o proceso. Polo tanto, en destino non se deducirán gastos ao beneficiario.
- Opción SHA: A entidade transferirá integramente o importe da orde e liquidará ao ordenante o importe da orde máis as súas comisións e gastos. O resto de entidades intervinientes poderán deducir do importe recibido as súas comisións e gastos, polo que aboarán ao beneficiario final o neto correspondente. En definitiva, o ordenante paga as comisións e gastos da entidade ordenante e o beneficiario os restantes.

- Opción BEN: A entidade do ordenante poderá deducir do importe da orde orixinal os seus gastos e comisións e transferirá a destino a cantidade resultante. O resto de entidades intervenientes poderá deducir do importe recibido as súas comisións e gastos, co aboamento ao beneficiario final da cantidade resultante.
- En aplicación dos artigos 11, 34, 35 do Real decreto-lei 19/2018, de servizos de pagamento, estas opcións de gastos estarán dispoñibles para a emisión de transferencias nos seguintes casos:
- SHA. En calquera caso.
- BEN e OUR. Transferencias realizadas en divisas de países non pertencentes ao Espazo Económico Europeo e transferencias en calquera divisa con destino fóra do Espazo Económico Europeo.
- En calquera caso, se o cliente ordenante non especifica a cláusula de gastos pola que opta, a transferencia executarase coa opción SHA.

**NOTA 4** Os tipos de cambio aplicables ás transferencias emitidas en divisa distinta á do cargo ao cliente, ou que sexan aboadas ao cliente en divisa distinta da recibida, serán quer os publicados diariamente pola entidade para importes que non excedan de 3.000 euros ou cantidade equivalente, quer os fixados pola entidade en atención á cotización do mercado; todo iso referido ao cambio de compra na data de aboamento ou ao cambio de venda na data de aceptación da transferencia. En caso de devolución da transferencia emitida, o tipo de cambio aplicable á devolución pode ser distinto ao aplicado na data de aceptación da transferencia.

**NOTA 5** A información que o cliente debe facilitar á entidade para a aceptación e emisión da transferencia por esta é a seguinte:

- Código internacional de conta bancaria (IBAN) completo e válido do ordenante salvo para as ordes que se efectúen contra a entrega de efectivo en caixa.
- Nome ou razón social e domicilio completo do ordenante e NIF, se for o caso.
- Nome ou razón social do beneficiario
- Código SWIFT (BIC) da entidade/sucursal do beneficiario.
- Código internacional de conta bancaria (IBAN) completo e válido do beneficiario. Na súa ausencia, número de conta completa do beneficiario que permita o aboamento en destino, ou forma de pagamento.
- Importe e divisa da transferencia.
- Opción de repercusión das comisións e gastos (SHA, BEN ou OUR).

A omisión dalgún dos datos indicados anteriormente suporá o cobramento dunha comisión adicional de 15,00 euros ao ordenante desta. Esta comisión adicional percibirase previa comunicación ao cliente e aceptación deste.

**NOTA 6** En caso de que o pagamento non conteña un IBAN completo e correcto para o aboamento, non será posible o tratamento automatizado da orde de pagamento recibida. Nestes casos, a entidade procurará, no posible, obter os datos necesarios para aboar a transferencia, en cuxo caso se percibirá do cliente unha comisión adicional, previa xestión ante o cliente e aceptación deste, aínda que se reserva a facultade de devolvela a orixe o máis axiña posible.

**NOTA 7** Esta comisión só se aplicará se esa solicitude de datos relativos á súa orixe excede da información á que como entidade se está obrigada a facilitar en virtude do establecido no anexo IV da Circular 5/2012, de 27 de xuño.

**NOTA 8** A comisión por solicitude de datos relativos á súa aplicación só se percibirá se estes foron facilitados dentro do período comprometido pola entidade para a emisión da transferencia.

**NOTA 9** Aquelas que se executan, seguindo as instrucións do cliente, no mesmo día para aboar na conta da entidade do beneficiario tamén no mesmo día. Deben permitir o seu tratamento automatizado, polo que as contas de cargo e aboamento estarán identificadas co IBAN e o BIC tecnicamente correctos e válidos ou, na súa ausencia, co BIC e o número de conta do beneficiario válido que permita o aboamento en destino.

**NOTA 10** Percibiranse, en concepto de gastos de correo, os de franqueo xerados por cada envío, segundo se indica na EPÍGRAFE 00 da tarifa de comisións, condicións e gastos repercutibles a clientes.

**NOTA 11** Non se pode realizar o tratamento automático cando a conta de aboamento é tecnicamente incorrecta ou careza dela.

- NOTA 12** No caso de que o proveedor de servizos de pagamento do destinatario ou do ordenante repercuta algunha comisión ou gasto pola anulación, modificación, devolución ou ampliación de datos da orde, estes custos serán repercutidos ao cliente ordenante ou destinatario, segundo se aplique.
- NOTA 13** Non se aplicarán as comisións e/ou gastos a todas as operacións (ordes, transferencias, emisión de cheques, etc.) contidas nesta EPÍGRAFE, de persoas xurídicas, así como de persoas físicas, sempre que estas últimas acorden co banco a non aplicación da Orde EHA/2899/2011 de 28 de outubro por actuar no ámbito da súa actividade profesional ou empresarial, cando se pactasen unhas comisións e gastos cuxa fixación se efectúa en función do importe das operacións, da realización dun número determinado destas, que se realicen durante un prazo determinado, etc., mentres se manteñan estes pactos.
- NOTA 14** Non se aplican gastos de transmisión nas transferencias de persoas físicas emitidas con cláusula de gastos SHA en divisa desde as canles web bbva.es, app e ATM.